

# Servizo de adaptación de materiais formativos, no marco do proxecto EC4RURAL, financiado polo programa LIFE



Fomento do compromiso local  
para a transición enerxética limpa  
no rural a través das  
comunidades enerxéticas

## Condicións da contratación

Segundo o Protocolo de transparencia e bo goberno da Unión de Cooperativas EspazoCoop, realizarase un concurso de contratación de servizos ou adquisición de produtos cando o seu custo supere a cifra de 3.500,00 € de base imponible, agás que, a criterio do Consello Reitor e en función das características do produto ou servizo a contratar, se determine outra cousa.

Dado o marco normativo do proxecto no que se enmarca esta contratación, e de conformidade cos requisitos do Programa LIFE, a Unión de Cooperativas EspazoCoop, aínda non estando suxeita pola súa natureza á Lei de Contratos do Sector Público, comprométese a respectar en todo caso os principios comunitarios que rexen a contratación pública, sendo os principios de transparencia, igualdade de trato, non discriminación, competencia efectiva e boa xestión financeira (mellor relación calidade-prezo), así como a normativa marco, a saber:

- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 (Regulamento financeiro), artigo 33 (boa xestión financeira) e artigo 160 e seguintes (contratación pública).
- Regulamento (UE) 2021/783 (Programa LIFE), artigo 9.

## OBJECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a adaptación pedagóxica e técnica a formato SCORM dos materiais formativos elaborados no marco do proxecto EC4Rural, co fin de poñer en marcha un curso MOOC de autoformación, aberto á cidadanía, que permita a transferencia, reutilización e permanencia das aprendizaxes acadadas polo proxecto máis alá da súa duración. O curso deberá sustentarse en materiais non caducos, reutilizables e facilmente actualizables, garantindo a súa transferibilidade e uso futuro por parte das entidades socias do proxecto.

Os materiais a adaptar xa existen, e serán facilitados á empresa licitadora por parte de EspazoCoop en formato texto editable, xunto coas actividades prácticas correspondentes a cada módulo. O obxecto do contrato non inclúe a creación de novos contidos, senón a súa adaptación pedagóxica, estruturación e maquetación en formato SCORM.

O período de execución do servizo será do **14/02/2026 ao 30/06/2026**.



## XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Sendo o obxecto desta contratación o desenvolvemento dun servizo complementario á execución de accións desenvolvidas dentro do acordo de subvención, a entidade contratante non dispón de capacidade interna suficiente, contan cunha partida orzamentaria de servizos externos para a correcta consecución de resultados e incorre dentro do período de elixibilidade.

A entidade adxudicataria (provedora) resultante deberá garantir a ausencia de conflitos de interese reais ou potenciais para coa entidade beneficiaria (EspazoCoop), declaración vinculante que será anexa ó contrato de prestación de servizos a formalizar.

## PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adxudicación.

## CONTRATANTE

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

## CONTIDO DO SERVICIO E PROPOSTA

O servizo ten como obxectivo a adaptación a formato SCORM dos seguintes módulos formativos o curso de Formación en Comunidades de Enerxía Renovable:

En galego: módulos 2, 3, 4, 5 e 6 (5 módulos).

En inglés: módulos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 (6 módulos).

Para a realización do servizo será obrigatorio o uso da ferramenta de elaboración de contidos formativos Iseazy ([www.iseazy.com](http://www.iseazy.com)), co fin de garantir que EspazoCoop poida editar, actualizar e reutilizar os materiais no futuro.

O servizo incluírá, como mínimo, as seguintes tarefas:

- Adaptación pedagóxica dos contidos ao formato SCORM para as dúas linguas.
- Integración dos contidos teóricos facilitados para as dúas linguas.
- Adaptación das actividades prácticas existentes para cada módulo para as dúas linguas.
- Configuración da navegación, interaccións e avaliacións básicas dentro dos paquetes SCORM (non na plataforma LMS).
- Publicación dos materiais en Iseazy e xeración dos paquetes SCORM 1.2.
- Xeración adicional das ligazóns web e das versións PDF dos materiais.

A empresa adxudicataria deberá dispoñer de conta propia en Iseazy ou contratala para a execución do servizo. Unha vez finalizado o contrato, EspazoCoop terá acceso completo aos materiais creados a través da plataforma Iseazy; para iso, a empresa adxudicataria deberá compartir os materiais elaborados con EspazoCoop.

A proposta a presentar polas entidades licitadoras deberá incluír e desenvolver con claridade, como mínimo os seguintes puntos:

- Índice das actuacións a desenvolver



- Metodoloxía de adaptación pedagóxica e técnica a SCORM
- Calendario de traballo, cos seguintes mínimos:
  - Entrega dun primeiro módulo piloto para revisión
  - Fase de revisión e validación por parte de EspazoCoop
  - Entrega final do conxunto de módulos
- Sistema de coordinación e validación con EspazoCoop
- Equipo de traballo asignado ao proxecto
- Descrición da experiencia, aptitudes e coñecementos profesionais do equipo técnico
- Oferta económica, indicando base impositiva, IVE aplicable e importe total con IVE
- Calquera outro que queira ser considerado a efectos de baremación segundo os criterios de puntuación recollidos neste prego

## CADROS DE PERSOAL

A empresa licitadora deberá incluír na súa proposta o equipo que realizará o servizo no caso de que sexa adxudicataria. Este equipo estará dirixido por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como único punto de contacto coa Unión de Cooperativas EspazoCoop.

A empresa adxudicataria deberá proporcionar, mediante currículo vitae, os perfís profesionais dos membros do equipo que prestarán os servizos, indicando as funcións que desempeñará cada membro do equipo. Para a realización dos servizos obxecto do contrato, deberá incluír no contrato persoas con formación e/ou experiencia demostrable de polo menos dous anos nestes servizos, que deberán estar debidamente acreditadas, acompañando no caso dos CV unha declaración responsable de que a información recollida nos mesmos foi verificada e contrastada previamente, e no caso doutros traballos realizados, fonte de verificación dos mesmos.

A empresa adxudicataria non poderá subcontratar o servizo obxecto do contrato.

## PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución do servizo será do **14 de febreiro de 2026 ao 30 de xuño de 2026**, incluíndo entregas parciais, revisións e validación final por parte de EspazoCoop, segundo sexa acordado polas partes na definición inicial do plan de traballo.

## ORZAMENTO

Establécese un prezo máximo de 4.759,00 €, IVE engadido.

## FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Cada entidade licitadora poderá presentar unha soa proposta nos termos descritos.

As ofertas deberán presentarse por correo electrónico ao enderezo [patane@espazo.coop](mailto:patane@espazo.coop), co asunto "**OFERTA ADAPTACIÓN MATERIAIS EC4RURAL**", e acuse de recibo, entre o **29 de xaneiro e o 12 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas (hora peninsular)**.



## MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación celebrarase o 13 de febreiro, e estará constituída por tres persoas do equipo de EspazoCoop, a saber:

- Lucía Mendoza Fernández
- Carmen García Méndez (Patane)
- Ángeles Barreiro Vilas

As propostas recibidas serán avaliadas de forma obxectiva segundo os criterios de adxudicación establecidos e baseándose exclusivamente na documentación aportada adxunta ó correo. A mesa proporá a adxudicación a favor da proposta que obteña a maior puntuación. En caso de empate, abrirase un novo prazo de tres días hábiles para a presentación de melloras, mantendo os mesmos criterios de adxudicación.

A resolución, positiva ou negativa, será notificada por correo electrónico ás entidades licitadoras e publicada na páxina web de EspazoCoop

## CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIO / MELLORA	máximo puntos	máximo por bloque	peso criterio/ bloque
Experiencia profesional da empresa (3) e/ou profesional (3) no obxecto do contrato	6	9	30,00%
Traballos previos satisfactorios coa Unión	3		
Calidade da proposta técnica	7	10	33,33%
Melloras sobre a proposta técnica base do prego	3		
Oferta económica	8	8	26,67%
Medidas de Responsabilidade Social Empresarial implantadas	3	3	10,00%
<b>Total a baremar</b>		<b>30</b>	

## CONFIDENCIALIDADE

A entidade licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e manter absoluta confidencialidade sobre toda a documentación e información facilitada ou xerada no marco do contrato, limitando o seu uso estritamente aos fins previstos e garantindo o mesmo compromiso por parte do persoal implicado na execución do servizo.

Dende a UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, como Responsable de Tratamento, e en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018 (LOPD), informámoslle de que os datos recollidos neste pedido, unicamente serán utilizados para o adecuado desenvolvemento dos servizos que lle prestemos, sendo a base xurídica deste tratamento a relación contractual existente. Comunicámoslle que os seus datos nunca serán cedidos a terceiros, e que serán conservados mentres dure a relación contractual ou ata que vostede exerza os dereitos recollidos na LOPD, para o que pode dirixirse por escrito ao enderezo postal Rúa República do Salvador, 3, 2ºD - 15701 Santiago de Compostela ou ao correo electrónico [info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop)



## OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pagamento realizarase do seguinte xeito, agás que as partes acorden establecer de mutuo acordo un pago intermedio:

- 20 % á sinatura do contrato
- 80 % á entrega final do produto, validado por EspazoCoop, previa presentación das correspondentes facturas

Este prego de condicións, xunto co contrato de servizos e o [Protocolo de contratación de EspazoCoop](#), terá carácter contractual.

A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, unha persoa que será a encargada da relación coa Unión de Cooperativas EspazoCoop, co fin de coordinar, e trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento precisas para o correcto desenvolvemento do servizo obxecto da contratación.

## INFORMACIÓN VINCULADA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

### PROXECTO MARCO

O proxecto EC4Rural é un proxecto [LIFE-2022-CET-ENERCOM](#) cuxa idea central é **alterar o paradigma das relacións locais potenciando as comunidades enerxéticas nos municipios rurais de toda Europa**. A pesar da abundancia de recursos, as zonas rurais enfróntanse a importantes retos como o descenso da poboación, o acceso limitado aos servizos básicos e a redución das oportunidades de emprego. Estas dificultades tradúcense a miúdo na pobreza enerxética entre os habitantes locais debido ás desorbitadas tarifas enerxéticas.

[EC4RURAL](#) promove a mellora das relacións entre as autoridades rexionais e locais, e os Grupos de Acción Local para contribuír á Transición cara unha Enerxía Limpa (TEL) en Europa e garantir a inclusión de todas as partes interesadas. Animarase a cidadanía e os actores locais a participar ou beneficiarse dos procesos TEL liderados polas Comunidades Enerxéticas Rurais (CER) empregando a produción de enerxías renovables e a venda de excedentes enerxéticos.

Máis información no sitio web do programa: <https://ec4rural.webs.uvigo.gal/>

A acción EC4RURAL pretende apoiar cambios no comportamento de consumidores e empresas para fomentar o diálogo público-privado e as inversións que non poden lograrse a nivel individual. Isto alíñase co [Pacto Verde Europeo](#). Ademais, EC4RURAL axudará o desenvolvemento rural na nova [Política Agrícola Común](#), o [Pacto Rural Europeo](#) e a [Política de Cohesión Territorial](#).

Este enfoque aplícase a través de dous proxectos piloto en **Estonia** e **Galicia**, con 34 estudos de caso en diferentes comunidades rurais. O obxectivo principal é sentar un precedente e inspirar a replicación non só dentro das rexións participantes, senón tamén en toda Europa a través do noso conxunto de asociados e socios externos, utilizando actividades de comunicación, difusión e explotación.

### CONSULTAS

As entidades licitadoras poderán dirixirse para as súas consultas, ós teléfonos 881 887 456 ou 697 877 773 ou ao enderezo electrónico [patane@espazo.coop](mailto:patane@espazo.coop)

Persoa de contacto: Patane García Méndez

En Santiago de Compostela, a 28 de xaneiro de 2026

